



CEIP Ramón
Cabanillas

SAMAÍN 2013

SAMAÍN 2013

PROPOSTAS PARA CELEBRALO

Semana de lectura fantástica

Na entrada da biblioteca organizarase unha exposición con CONTOS E LIBROS sobre o tema do MEDO, clasificados por ciclos: Infantil e 1º ciclo, 2º e 3º ciclos.

Pasámolo de medo

- Segundo e 3º ciclo traerán de casa, escritos e ilustrados, traballos sobre lendas e contos de medo. Co material recompilado faranse lecturas para o resto do colexio, tamén é posible confeccionar un libro.
- Entre todos e todas imos compoñer un conxuro. Cada nivel escribirá dous versos, comezando por infantil de 3 anos e rematando en 6º de primaria.
- Nas aulas traballarase a emoción do medo.

Decoración dos corredores con temas de canguelo

Uuuuuuuuuuuuh, uuuuuuuuuuh!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

Exposición de cabazas

As cabazas expoñeranse dende o luns 28 de outubro ata o 30.

- Infantil e 1º ciclo na entrada do patio.
- 2º e 3º ciclos no corredor do primeiro andar.

O mércores organizarase un percorrido polo colexio para visitar a exposición de cabazas e a ambientación do centro.

O día 30, ao saír para a casa, todos e todas recollerán a súa cabaza.